



Concello de Lugo



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CO OBXECTO DE COLABORAR NOS GASTOS DERIVADOS DO EVENTO “LUGO USC, ACTÍVATE PARA O NOVO CURSO 2025”.

En Lugo e Santiago de Compostela

REUNIDOS

Dunha banda **D. Jorge Bustos Atanasio** titular da Concellería delegada de Urbanismo, Deportes e Xuventude (Area de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo, Deporte e Xuventude), actuando en nome e representación do Concello de Lugo, con enderezo en Lugo, Praza Maior, nº 1 e CIF p2702800J, en virtude da súa condición de Concelleiro Delegado de Urbanismo, Deportes e Xuventude (Area de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo, Deporte e Xuventude) conforme as atribucións que lle son outorgadas polo artigo 124 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, delegada a competencia segundo o Decreto 2730/2025 de 19 de marzo de 2025, do Libro Único de Resolucións.

E doutra banda **D. Antonio López Díaz, con DNI 76565571 C**, actuando en nome e representación da Universidade de Santiago de Compostela (en diante USC), con CIF Q1518001A, na súa calidade de reitor, nomeado mediante Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG 22 de marzo), con sede social no Colexio de San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, Santiago de Compostela.

Ambas as dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que teñen conferidas para convir en nome e representación das institucións que representan.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.-

Que o Concello de Lugo ten entre as súas competencias promover actividades e os valores que transmiten, así como a promoción do municipio de Lugo e a súa dinamización na cidade.

Conforme ao artigo 50.1 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público (LRXSP), as Administracións Públicas, os seus organismos autónomos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas competencias.

Conforme o artigo 82 dos Estatutos da USC, aprobados por Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, publicados no DOG núm. 29 de 12/02/2014, a USC é unha institución

pública con personalidade xurídica, constituída polos campus de Santiago de Compostela e Lugo, con funcións de estudo, docencia, investigación e transferencia de coñecemento, actividades para as que goza de autonomía, de acordo cos seus Estatutos e no marco s, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado. da lexislación vixente.

Destacan, entre as competencias da USC:

- Procurar a formación integral dos membros da comunidade universitaria mediante a programación e organización de cursos, conferencias e todo tipo de actividades culturais, recreativas e deportivas que poidan contribuír á mellor realización deste obxectivo.
- Potenciar os diversos grupos e asociacións universitarias que desenvolvan actividades estudantís, culturais e deportivas.
- Proxectar as funcións e os servizos da universidade ao contorno social.
- Atender especialmente á defensa, desenvolvemento e difusión da cultura galega, promovendo as actividades e servizos que contribúan a este fin e mantendo as relacións necesarias coas institucións que teñan o mesmo obxectivo.

Para o mellor desenvolvemento das funcións da USC, esta propiciará o establecemento de relacións con outras universidades, organizacións e institucións, e moi en particular coas de carácter académico, científico e cultura.

SEGUNDO.- ORGANIZACIÓN

Que o Concello de Lugo, en exercicio das súas competencias ten vontade de promover este convenio en virtude do establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, artigo 25.1: “O Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo”.

Así mesmo, o apartado 2 de este mesmo artigo establece que “O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: l) Promoción de la cultura y equipamentos culturais e m) Promoción del deporte e instalacións deportivas y de ocupación del tempo libre.



Concello de Lugo



TERCEIRO.-

Que ambas as partes coinciden na necesidade de axuntar esforzos para a consecución dos seus respectivos obxectivos e intereses comúns e que, por conseguinte, cren conveniente, por medio deste documento, establecer a coordinación e colaboración respecto ao evento **“LUGO USC, ACTIVATE PARA O NOVO CURSO 2025/2026”**.

Por todo o exposto ambas as dúas partes acordan asinar o presente convenio de colaboración en base as seguintes.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto de este convenio é a colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e a USC para a celebración do evento **“LUGO USC, ACTIVATE PARA O NOVO CURSO 2025/2026”**.

“VIDA USC, ACTÍVATE PARA O NOVO CURSO 2025-2026”, é unha actividade para dar a coñecer os servizos e actividades culturais e deportivas dirixidas ao estudantado ao inicio do novo curso académico. O obxectivo do evento é reactivar a participación estudantil creando unhas xornadas para que o estudantado teña acceso a distintas actividades que lle permitan coñecer todo o que ten que ofrecer a USC e o Concello de Lugo fomentando a promoción dos espazos xuvenís municipais, programación municipal e servindo de promoción da actividade turística de ámbito local.

Ademais de actividades culturais e deportivas, preténdese que as xornadas sexan unha mostra dos servizos á xuventude das institucións locais e autonómicas, das asociacións locais e de outras iniciativas que, polas súas características, contribúan a fortalecer o tecido social das cidades.

O Concello de Lugo intégrase como colaborador do devandito evento para unha mellora na eficiencia da xestión pública, correspondendo así a promoción da actividade e a titularidade dos resultados a ambos asinantes e contribuíndo á realización de actividades de utilidade pública.

O evento “VIDA USC, ACTÍVATE PARA O NOVO CURSO! 2025, está previsto que se celebre dos días 15 ao 25 de setembro nas cidades de Lugo e Santiago.

As actividades irán dirixidas o estudantado de 18 a 24 anos, e consistirán en actuacións musicais, actividades culturais e deportivas, postos informativos e visitas guiadas.

Por bloques de materias, realizaranse, entre outras, as seguintes actividades:

- Área de cultura: aula aberta de teatro, aula aberta de danza contemporánea e de baile tradicional
- Área de deportes: aulas abertas de ioga, zumba, hip-hop, GAP e pilates. Torneo deportivo.
- Visitas: Domus do Mitreo, roteiros polo casco histórico de Lugo.

- Outras actividades: Aulas abertas do Centro de Linguas Modernas, presentacións de servizos da USC do Concello de Lugo e da Unidade de Atención Psicolóxica.

Celebraríase un concerto co grupo Grande Amore o día 24 de setembro.

Aínda que en Lugo o nome do evento se personaliza a “LUGO USC”, os materiais e creatividade que se produzan levarán o nome do evento xeral para os dous campus “VIDA USC”.

SEGUNDA.- ACTUACIÓNS A REALIZAR POR CADA UNHA DAS PARTES ASINANTES DO CONVENIO.

A USC comprométese, colaboradora do evento “**LUGO USC, ACTIVATE PARA O NOVO CURSO! 2025**”, a atender, en xeral, todas as necesidades para o desenvolvemento do evento nos días anteriores, durante o mesmo e relacionadas coa finalización do mesmo.

ACTIVIDADES :

Data	Hora	Actividade	USC	Concello
LUNS 15				
LUNS 15	9:00	O coidado dos vínculos afectivos: Obradoiro de Quérote + sobre a xestión de parella e vínculos sentimentais.	Local Tramitación de solicitude coa Xunta	
LUNS 15	11:00	O coidado dos vínculos afectivos: Obradoiro de Quérote + sobre a xestión de parella e	Local Tramitación de solicitude coa Xunta	



Concello de Lugo



		vínculos sentimentais.		
LUNS 15	12:00	Posto informativo. Tempo de lecer e voluntariado	Limpeza Persoal especializado Local	
LUNS 15	20:00 a 21:00	Aula aberta de pilates	Limpeza Persoal especializado Local	
LUNS 15	21:30	Troco: Presentación das actividades do Servizo de Cultura da USC	Limpeza Persoal especializado Local	
MARTES 16				
MARTES 16	11:00 a 13:00	Punto información de Quérote +	Limpeza Persoal especializado Local	
MARTES 16	11:00	Visitas guiada ao Museo Universitario Domus do Mitreo	Persoal especializado Entradas Local Limpeza	
MARTES 16	16:00	Aula aberta de loga Danza	Limpeza Persoal especializado Local	



Concello de Lugo



MARTES 16	17:00	Aula aberta de Danza creativa	Limpeza Persoal especializado Local	
MARTES 16	18:00	Aula aberta de Voz e movemento	Limpeza Persoal especializado Local	
MARTES 16	19:00	Aula aberta de Danza contemporánea	Limpeza Persoal especializado Local	
MARTES 16	20:00	Aula aberta de Danza tradicional galega	Limpeza Persoal especializado Local	
MARTES 16	19:00 – 20:00	Aula aberta de Hipopresivos	Limpeza Persoal especializado Local	
MARTES 16	20:00 a 21:00	Aula aberta de Hip Hop	Limpeza Persoal especializado Local	
MERCORES 17				
MÉRCORES 17	12:00 a 13:00	Aulas abertas de francés, inglés e alemán	Limpeza Persoal especializado Local	



Concello de Lugo



MÉRCORES 17	17:00 a 18:00	Aulas abertas de francés, inglés e alemán	Limpeza Persoal especializado Local	
MÉRCORES 17	17:00	Visitas guiada ao Museo Universitario Domus do Mitreo	Persoal especializado Entradas Local Limpeza	
MÉRCORES 17	18:15	TriviGal	Limpeza Persoal especializado Consumicións Cafetería	
MÉRCORES 17	20:00	Aula aberta de GAP	Limpeza Persoal especializado Local	
MÉRCORES 17	20:15	Presentación do Espazo Fotográfico	Salón de Actos Casa do Saber	
XOVES 18				
XOVES 18	10:00 a 14:00	Encontro coa Unidade de Atención Psicolóxica	Limpeza Persoal especializado Local	



Concello de Lugo



XOVES 18	13:00	Charla co Servizo de Mobilidade: Coñece as túas oportunidades	Limpeza Persoal especializado Local	
XOVES 18	14:00 a 16:00	Encontro cos servizos de Encontro coa Unidade de Atención Psicolóxica, SEPIU e Oficina de Igualdade de Xénero, Cultura, Deporte	Limpeza Persoal especializado Local	
XOVES 18	19:00	Aula aberta de Zumba	Limpeza Persoal especializado Local	DEPORTES
XOVES 18	20:00	Aula aberta de loga	Limpeza Persoal especializado Local	DEPORTES
XOVES 18	19:00	Obradoiro de Danza tradicional dado Adrián Méndez	Limpeza Persoal especializado Local	
XOVES 18	20:15	Foliada Cantareiras de Cantigas e Frores e Volta do Agro		Contratación grupos e obradoiro
LUNS 22				
LUNS 22	20:00	Presentación da	Persoal	



Concello de Lugo



		Aula de Teatro	especializado Local Limpeza	
LUNS 22	21:30	Visita nocturna a cidade		Contratación guía
MARTES 23				
MARTES 23	20:15	Meet & Greet Grande Amore + Mondra	Local Limpeza Persoal especializado para actividade de mediación	Contratación charla artistas e produción
MÉRCORES 24				
MÉRCORES 24	9:00 a 14:00	Torneos deportivos de benvida (fútbol 7, fútbol sala e voleibol)	Persoal especializado	
MÉRCORES 24	20:30	Concerto Grande Amore	Persoal organizativo Local vestiario e local Auditorio en caso de choiva Limpeza	Contratación grupo e equipo luces, son e produción
XOVES 25				

XOVES 25	11:00	Visita á cidade	Persoal acompañante da área de cultura da USC	Contratación guía
XOVES 26	13:00	Visita guiada a Domus do Mitreo		

Dentro das libretas do Trivial e da Ruta ao Campus darase información dos Servizos de Xuventude e Deportes do Concello, na publicidade farase referencia a eses Servizos, tamén haberá un espazo para a difusión de folletos e actividades do Concello.

Así mesmo, o Concello de Lugo comprométese a:

O compromiso de Concello de Lugo deberá ser concordante coas súas propias obrigas.

ACTIVIDADE	COMPROMISO DO CONCELLO
Concerto día 24 de setembro e Meet & Greet Grande Amore + Mondra do 23 de setembro	Contratación da empresa de Son e luces, tarimas, caché de Grande Amore, contratación artistas para o Meet & Greet Grande Amore + Mondra, hotel
Encontros cos servizos	Produción
Foliada	Contratación grupos e taller
Visitas Guiadas 22 e 25 de setembro	Contratación de dúas visitas

Produción	Persoal para a produción dos diferentes eventos
Seguridade	Contratación dos seguintes servizos de vixiante de seguridade: -17/09, 1 vixiante, 1 hora, na Casa do Saber -23/09, 1 vixiante, 1 hora, na Casa do Saber -24/09, 3 vixiantes para o Concerto, na explanada da EPSE, auditorio da Facultade de Veterinaria, en caso de condicións meteorolóxicas adversas

- Petición de todos os permisos necesarios para levar a cabo o evento e informar
- Policía Local e outros Servizos que correspondan.

- Petición de Protección Civil a noite do día 24 no lugar do concerto e asistencia de ambulancia.

TERCEIRO.- OBRIGAS E COMPROMISOS ECONÓMICOS

Non existe contra prestación económica entre as partes asinantes do convenio.

As partes asinantes comprométese a financiar os gastos asumidos durante a vixencia do convenio.

Conforme á documentación obrante no expediente as achegas financeiras que se comprometen a realizar os asinantes non son superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

CUARTA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O orzamento estimativo do **“LUGO USC, ACTIVATE PARA O NOVO CURSO**

2025/2026” é 26.111,88€ (sen IVE) sendo o importe total de **29.043,01€** IVE incluído e desagregado nas seguintes partidas:

ACHEGA da **USC** é de **14.190€** IVE incluído.

Concepto	Base imponible	Total con IVE
Persoal de xestión e produción	5.864,00	5.864,00

Actividades	2.685	2.685
Limpeza	417,17	504,77
Cesión de espazos e infraestruturas	2.103,00	2.103,00
Produción materiais difusión	1846,28	2.234
Xardinería con medios propios da USC	399,23	399,23
Subministracións (electricidade extra)	330,58	400
Total	13.645,25	14.190

ACHEGA do **Concello de Lugo** e de **14.853,01€** IVE Incluído.

CONCELLO DE LUGO 2025		
Concepto	Base imponible	Total con IVE
Concerto día 24 + técnica	9.011,5	10.903,92
Visitas guiadas: 2 visitas guiadas	266,66	322,66
Foliada+taller	1.102,94	1.102,94
Encontros	300	363
Meet & Greet Grande Amore + Mondra	598,70	724,43
Produción	900	1089
Seguridade	286,83	347,06
TOTAL	12.466,63	14.853,01

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Non hai contraprestación económica entre as partes asinantes do convenio.

SEXTA.- DURACIÓN

Dado que o alcance do presente convenio é en exclusiva a realización do evento **“VIDA USC, ACTÍVATE PARA O NOVO CURSO 2025/2026”**, o convenio extinguirase tras a clausura do acto, sen prexuízo dos prazos posteriores nos que se deba facer balance do evento, ou aquelas outras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.

Non obstante e de xeito excepcional aplícase eficacia retroactiva ao convenio, vista a data de celebración das actividades de xeito que as actuacións xa ultimadas quedan incorporadas ao convenio.

SÉTIMA.- MODIFICACIÓN

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da LRXSP.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

OITAVA.- EXTINCIÓN E EFECTOS

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da LRXSP e pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación dos mesmos, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52.2 da LRXSP.

NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da LRXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control



establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto deste.

Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento o responsable da Área de Xuventude e formarán parte de dicha comisión como vocais persoal adscrito a dita área.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización.

A Comisión de seguimento reunirse cunha periodicidade mínima que garante o seguimento e a correcta execución deste convenio, poderá reunirse a proposta de calquera das partes realizándose convocatoria de reunión con 24 horas de antelación.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na LRXSP. Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- Velar polo cumprimento deste convenio.
- Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións e programas que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio establecendo un programa de seguimento dos traballos e das actuacións.
- Enviar copias das actas das reunións destas comisións, así como do resto de documentos que se emitan no desenvolvemento e execución deste convenio e que poidan ser requirido polo servizo de fiscalización
- Presentar unha memoria final da actuación na que se recolla as actividades realizadas, os medios humanos e materiais empregados, o balance de ingresos e gastos, ademais daqueles outros aspectos que se consideren salientables en relación á execución do Convenio.
- Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- En xeral, as que o artigo 49.f da LRXSP lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

DÉCIMA.- SISTEMAS DE COMUNICACIÓN, INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen do investimento, actividade ou actuación, incorporaranse os “logotipos” institucionais do Concello de Lugo.

As entidades autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a comunicar e

difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto de este convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- CARÁCTER DO CONVENIO DE COLABORACIÓN

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como pola LRXSP e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puiden-xurdir a xurisdición contencioso-administrativa.

O presente convenio non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE

Realizar a oportuna publicación no rexistro de convenios, de conformidade co artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

E en proba de conformidade, subscriben o presente documento mediante sinatura electrónica nas datas indicadas.

O Concelleiro de Xuventude e Deportes	O representante da USC
Asdo.: D. Jorge Bustos Atanasio	Asdo.: D. Antonio López Díaz